

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 10 DE MARZO DE 2022

Ás 10:05 horas do día 10 de marzo de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 7 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio dos Servizos Económicos de Dirección
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 2, 4, 5 e 6)
D^a. Ruth María Gallego Santos, como suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 9 e 10) e como suplente da xefa do Servizo de Electromecánicos (asiste aos punto 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía útil a través de gas natural e o mantemento integral (total) das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (4.267-611)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4C-552829-22D354-32WZXP-BJ11VT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4.- Apertura da documentación técnica

a) **Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía útil a través de gas natural e o mantemento integral (total) das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (4.267-611)**

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RUNRUNVIGO (21.172-333)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes o 7 de marzo de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RUNRUNVIGO (21.172-333)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

- 321 GO EVENTOS, S.L.:

1.- Propón unha baixa proporcional única do 17,72% a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.

2.- Propón os seguintes servizos complementarios:

- Zona de control intermedio complementario en todas as probas
- Monitor de seguimento de clasificacións na zona de chegada de cada proba cun tamaño mínimo de 55"



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4C-552829-22D354-32WZXP-BJ11VT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- 5 Mailing masivos de promoción de carreiras pedestres ou eventos en vía pública a celebrar na cidade de Vigo organizados ou con participación municipal non incluídos no programa RunRunVigo
- Ampliación do prazo de inscrición de corredores ata 48h previas á celebración do evento nos casos que se solicite
- Enlace directo no contorno web da empresa ás principais redes sociais dos organizadores de cada unha das probas e do Concello de Vigo

3.- Propón unha porcentaxe de desconto do 5% a aplicar ao prezo sinalado na cláusula 5 do PPT para o aluguer de chip desbotable ou no reutilizable ás entidades organizadoras de cada unha das probas.

- TEAM RELAY, S.L.

1.- Propón unha baixa proporcional única do 20% a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.

2.- Propón os seguintes servizos complementarios:

- Zona de control intermedio complementario en todas as probas
- Monitor de seguimento de clasificacións na zona de chegada de cada proba cun tamaño mínimo de 55"
- 5 Mailing masivos de promoción de carreiras pedestres ou eventos en vía pública a celebrar na cidade de Vigo organizados ou con participación municipal non incluídos no programa RunRunVigo
- Ampliación do prazo de inscrición de corredores ata 48h previas á celebración do evento nos casos que se solicite
- Enlace directo no contorno web da empresa ás principais redes sociais dos organizadores de cada unha das probas e do Concello de Vigo

3.- Propón unha porcentaxe de desconto do 20% a aplicar ao prezo sinalado na cláusula 5 do PPT para o aluguer de chip desbotable ou no reutilizable ás entidades organizadoras de cada unha das probas.

Os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste á apertura D. Miguel Blanco Fernández, con DNI **.44.06*, en representación de 321 GO EVENTOS, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4C-552829-22D354-32WZXP-BJ11VT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

xestionados polo Taller de Vías e Parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo (772-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 7 de marzo de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación. A Mesa acepta o referido informe e acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a exclusión de COORDINA. COORDINACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. por canto a súa oferta está incurso en presunción de anormalidade e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo Taller de Vías e Parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo (772-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 11 de febreiro de 2022, de INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U. (IPRENOR) por exceder a súa oferta do orzamento base de licitación (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.3C do PCAP).

Segundo.- Excluir deste procedemento a COORDINA. COORDINACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. por conter a súa ofertasi valores anormais ou desproporcionados sen que tivese presentado xustificación ningunha en prazo.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo Taller de Vías e Parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo (772-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Baixa ofertada (s/IVE)
1	APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	8.702,26 €
2	AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L.	8.030,53 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4C-552829-22D354-32WZXP-BJ11VT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Baixa ofertada (s/IVE)
3	INGENIERÍA, ESTUDIOS Y PROYECTOS EUROPEOS, S.L.	6.046,05 €
4	CSM GESTIÓN DE SEGURIDAD EN CONSTRUCCIÓN, S.L.U.	6.023,03 €
5	PREVENNOVA SEGURIDAD Y SALUD, S.L.	5.966,95 €
6	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	4.774,05 €

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, APPLUS NORCONTROL, S.L.U. (B-15.044.357), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical á intemperie instalados na avenida de Gran Vía, no Concello de Vigo (1.087-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical á intemperie instalados na avenida de Gran Vía, no Concello de Vigo (1.087-441)

ANTECEDENTES



Primeiro.- Con data do 21 de xaneiro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do expediente de CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS RAMPAS MECÁNICAS NA AVENIDA DE GRAN VÍA, NO CONCELLO DE VIGO.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético en data 4 de xaneiro de 2022.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 12 de xaneiro de 2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "TRINTA E SETE MIL SETECENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS" (37.752,00 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 6.552 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.227.99.00 "Mantemento e conservación de ascensores en vías públicas" segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	37.752,00 €
------	-------------

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 24 de febreiro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical á intemperie instalados na avenida de Gran Vía, no Concello de Vigo (1.087-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	TK ELEVADORES ESPAÑA,S.L.	87,81
2	SCHINDLER, S.A.	77,87

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TK ELEVADORES ESPAÑA,S.L. (B-46.001.897), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4C-552829-22D354-32WZXP-BJ11VT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



administrativas particulares (PCAP).

3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., o día 24 de febreiro de 2022, que presenta a documentación requirida o 4 de marzo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 10 de marzo de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 15 e 18 de febreiro de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4C-552829-22D354-32WZXP-BJ11VT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

seguinte acordo:

"Adxudicar a TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L. (B-46.001.897) o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical á intemperie instalados na avenida de Gran Vía, no Concello de Vigo (1.087-441) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 26.106,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.530,96 euros.*
- b) Propón unha baixa proporcional única do 35,64% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:56	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4C-552829-22D354-32WZXP-BJ11VT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		